



# Folla eucarística

Campaña 60, 2019

CREMOS NA IGUALDADE E  
NA DIGNIDADE DAS PERSOAS

O día 10 de febreiro de 2019, Campaña LX de Mans Unidas.

Propoñemos a celebración da Eucaristía coas oracións por diversas necesidades, Novo Misal Romano N°33: EN TEMPO DE FAME Ou POLOS QUE PADECEN FAME. Páx. 1047 e as Lecturas propias do V Domingo do Tempo Ordinario, ciclo C.

## MONICIÓN DE ENTRADA

Na Campaña de Mans Unidas deste ano 2019 lembramos que, hai 60 anos, un grupo de mulleres de Acción Católica, con gran sentido de humanidade e con mirada crente, converteu a loita contra a fame nun proxecto colectivo do que formamos parte moitísimas persoas. Estas mulleres, que se sentían chamadas por Xesús Cristo para dar testemuño dun amor universal e efectivo pola familia humana, non se resignaban a que a metade da humanidade padecese fame, e declararon a **guerra á fame**.

Desde esta historia de solidariedade e de loita contra a fame, que é tamén historia de **“traballo pola dignidade das persoas”, “urxidos polo amor de Xesús cristo”,** dispoñémonos a vivir a Eucaristía da Campaña 60 anos de loita por unha vida digna.

O Señor convídanos e dáanos a súa forza para ser **pescadores de tantas persoas necesitadas**, seguindo con tesón na defensa dos **dereitos humanos e da dignidade das persoas**.

## ORACIÓN REZADA

(Novo Misal Romano. Páxina 1047).



## MONICIÓN ÁS LECTURAS

Para a salvación ou crecemento integral das persoas e dos pobos, na Historia da Salvación, Deus ten necesidade de **enviados**.

### Lectura 1ª: Isaías 6, 1-2a. 3-8:

A quen mandarei? Quen irá por min?  
Contestei: Aquí estou, mándame.

### Lectura 2ª: 1 Cor 15, 1-11:

Paulo, heraldo da resurrección.  
O cristianismo: mensaxe de vida e optimismo.  
Xesús resucitou, venceu a morte.

### Evanxeo: Lc 5, 1-11:

Xesús, o ENVIADO por antonomasia, busca a outros para a misión:  
- Non temas: desde agora, serás pescador de homes. Eles sacaron as barcas a terra e, deixándoo todo, seguíronlle.

## SUXESTIÓNS PARA A HOMILÍA

▲ Nestes 60 anos de CAMPAÑAS CONTRA A FAME **houbo moitos avances, que hai que agradecer... PERO** segue habendo fame, falta de respecto e de defensa dos **dereitos humanos, inxustiza, desigualdade, opresión, mentira, PECADO e estruturas de pecado, persoas necesitadas dunha salvación integral...**

A lectura primeira díxonos:

**“habito no medio dun pobo de beizos impuros”.  
Pobo onde reina: o PECADO, a DOR, a INXUSTIZA,  
a OPRESIÓN, a MENTIRA e a MORTE.**

▲ Deus, Pai de misericordia, sempre quere a salvación, ou a realización total e completa, das persoas e dos pobos. Con palabras do Santo Papa Paulo VI (O progreso dos pobos N° 21):  
- Que as persoas pasen de condicións **menos humanas a condicións máis humanas**.

**Menos humanas:** as carencias materiais.

As carencias morais... as estruturas opresoras, que proveñen do abuso do poder, da explotación dos traballadores ou da inxustiza das transaccións...

**Máis humanas:** o remontarse da miseria á posesión do necesario, a cultura, aumento da consideración, a cooperación ao ben común, a vontade de paz, recoñecemento dos valores supremos, e de Deus, a FE, a unidade na caridade de Cristo...

▲ Xesús-Evanxeo, o ENVIADO, O **“HEME AQUÍ POR ELES”**: Onde PECADO, GRAZA; onde DOR, VIDA; onde INXUSTIZA, XUSTIZA; onde OPRESIÓN, LIBERACIÓN; onde MENTIRA, VERDADE; onde MORTE, RESURRECCIÓN... así se realiza o proxecto de Deus: **“que teñan vida e vida abundante”**.

▲ Para esta MISIÓN:

→ Sempre fan falta ENVIADOS:

**Antes:** Isaías, Xesús, Paulo...Apóstolos.

**Agora:** Voluntariado de Mans Unidas (Sacerdotes, relixiosos, relixiosas, segres: maiores, xuventude, infancia...):

“Todos discípulos misioneiros”.

→ E sempre a axuda de Deus (Oración).

## ORACIÓN DOS FIEIS



**Celebrante:** Desde a urxencia do amor de Deus e os problemas dos máis pobres, oremos.

- Por todos os que formamos a Igrexa, para que co alento do Papa Francisco sexamos “benditas mans persoais e organizadas”, que acollen aos pobres, traen esperanza e consolo á humanidade, sen pedir nada a cambio.

**Preguemos ao Señor.**

- Polas persoas que viven angustiadas pola mortalidade infantil, a falta de vivenda adecuada, a fame e os problemas de saúde.

**Preguemos ao Señor.**

- Pola igualdade, nos países en vías de desenvolvemento, das mulleres e os nenos na educación, a atención médica, o traballo decente e as decisións políticas e económicas.

**Preguemos ao Señor.**

- Pola nosa sociedade española: que, na nosa loita contra a fame, avancemos nun cambio de valores, actitudes e comportamentos que favorezan a construción dun mundo máis xusto e unha sociedade máis solidaria.

**Preguemos ao Señor.**

- Por todas as persoas que fan posible a misión de Mans Unidas, axudando a medrar en dignidade a tantas persoas.

**Preguemos ao Señor.**

**Celebrante:** Por Xesús Cristo, o Fillo amado do Pai, entregado e desvivido por todos, que vive e reina per sempre eternamente.

### Día do Xaxún Voluntario:

Venres 8 de febreiro de 2019

### Xornada Nacional de Manos Unidas:

Domingo 10 de febreiro de 2019

CREMOS NA IGUALDADE E  
NA DIGNIDADE DAS PERSOAS



Máis materiais de Formación cristiá en:  
[manosunidas.org/sensibilización/en las parroquias](http://manosunidas.org/sensibilización/en las parroquias)

## PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

### Monición

Á Eucaristía sempre hai que traer a vida, que estamos a vivir ou desexamos vivir. Hoxe, co cartel da Campaña e o pan e viño da Misa, traemos todo o que nestes 60 anos fíxose en Mans Unidas a favor dos demais e todo o que imos facer neste 60 aniversario para seguir avanzando; sempre desde a forza do Señor que, en cada Eucaristía entrégase por toda a humanidade, especialmente polos máis pobres.

## ORACIÓN SOBRE AS OFRENDAS

(Novo Misal Romano. páxina 1047)



## ORACIÓN DESPOIS DA COMUÑÓN

(Novo Misal Romano. páxina 1047)



## MONICIÓN FINAL DE CHAMADA AO COMPROMISO

A Eucaristía da Campaña contra a fame do ano 2019, **60 ANOS DE LOITA POR UNHA VIDA DIGNA**, termina no templo, pero agora témola que continuar na vida durante todo o ano, colaborando cos Proxectos de Mans Unidas que van encamiñados a defender os **dereitos humanos**, con **accións** que leven, en nós e nos demais, a un cambio de estruturas, de valores, de actitudes e comportamentos que favorezan a construción dun mundo máis xusto e unha sociedade máis solidaria, **preto e lonxe**.

